

SAÚDE E MEDIO AMBIENTE

AXÚDANOS A COIDAR DO SANEAMENTO!

O **saneamento** é unha das fases máis importantes do ciclo integral da auga. A auga que utilizamos na casa, colexios, fábricas, etc. é conducida por tubaxes ata a estación depuradora de augas residuais (EDAR). Alí, aplícanse procedementos moooooi complicados ata obter auga en boas condicións para devolvela á natureza ou reutilizala. Sabías que todo isto comeza contigo?

O que tires ao WC é moi importante para que o saneamento funcione. Ou mellor dito, o que non tires: **AO WC, SÓ PAPEL HIXIÉNICO.** Se o usas como papeleira, as tubaxes poden atascarse e o medio ambiente contaminarase! Segue os exemplos que che mostra Hugo. É moi fácil!



Lembra! O **saneamento** é parte dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS 6). Todas as persoas deberían dispoñer de saneamento porque representa unha necesidade humana básica para o coidado da saúde e o benestar.